

1º PREMIO - CATEGORÍA A
NEUSA MARTÍNEZ SOLÍS (15 ANOS) A90
687721404
Ola:

Tan só te quero saudar para que non te esquezas de min.
Hoxe fun visitarte. As túas flores estaban murchas e cambieinas
por rosas. As nosas rosas. Lémbreste delas? Cada vez que viñas
visitarme traíasme unha.

Ai, por Deus! Canto te boto de menos! Odio cada segundo
que pasa, porque xa é un máis alonxada de ti, da túa presenza.
Sabes que? Dáme medo esquecer o que se sentía ó estar contigo.
Dáme medo esquecer a túa risa, a túa voz, o teu olor... Dáme
medo non poder recordarte. Vou cada día, á mesma hora, ó
mesmo lugar, ó noso parque, e séntome. Séntome e espero a que
aparezas, a que me digas que todo isto é só un pesadelo.
Espero..., e espero..., e volvo esperar... Entón faise tarde e ti non
vés. E volvo á casa, co corazón aínda máis desfeito ca antes. E
abrazo a túa foto. E choro. Choro con todas as miñas forzas, ata
que xa non teño bágoas. Choro porque a realidade, a dura
realidade, golpéame con forza. Golpéame e dime: "non vai volver,